



MENÚ PARA COMPARTIR... DECEMBRO

O nadal é unha época de encontros e celebracións familiares ao redor da mesa. Por tanto, parécenos importante dar lugar a unha reflexión sobre o noso xeito de consumir e o que este significa, especialmente, acordarnos de tantas persoas que non teñen a posibilidade de alimentarse adecuadamente.

O problema da fame no mundo ten moito que ver coa necesidade dunha maior xustiza e fraternidade o que implica tamén un maior compromiso de todos nós. Por iso propoñemos o traballar unha serie de valores a partir deles podemos dar lugar a cambios de actitudes e sentimentos que nos leven a unha maior implicación cara aos problemas dos demais.

A maior contribución que podemos facer nestes casos, é ter unha actitude vital que permita o que se consegue a través dunha serie de valores.

No menú, puxemos toda unha serie de valores para que nos sirvan de reflexión e punto de partida á hora de afrontar cambios na nosa maneira de vivir.

Ademais, o menú inclúe outras dúas accións importantes, a produción sustentable e a necesidade de compartir de xeito que chegue ao maior número posible de persoas. Con isto, retomamos a idea da xustiza que se traballou nos meses de setembro ou novembro.

- Dividir a clase en grupos e proxectar o menú do Nadal. Cada grupo pídeselle que busque o significado dun dos valores que aparecen no menú: altruísmo, compromiso, desprendemento, empatía, fraternidade, xenerosidade, ilusión, interese (polos demais) e solidariedade.
- É importante profundar no que realmente significan os valores e a súa aplicación. Por exemplo:
 - “ser xeneroso non significa dar o que nos sobra ou non nos gusta, é pensar nos demais e compartir o que temos”.
 - “a solidariedade non pode ser unha resposta puntual a momentos concretos, senón unha forma de afrontar as nosas relacións con outras persoas”.
- Os grupos deben chegar a entender o valor que lles correspondeu e ser capaces de explicalo aos demais. Isto poderíase facer de varias maneiras, dependendo da materia na que interese traballalo. Propoñemos dúas formas:
 - Desenvolver un texto curto, que reflicta unha situación que poña de manifesto cada un dos valores. Isto podería facerse en forma de diálogo e mesmo interpretando unha pequena representación ante os demais en directo ou gravando un vídeo.
 - Representar nunha ilustración ou nunha serie delas en forma de viñeta, unha situación na que se poña o valor que están a plasmar.
- Despois de dalo a coñecer cada un dos grupos, léndoo, interpretándoo ou mostrándoo, pedir ao resto que expliquen o que viron, e se son capaces de descubrir o valor que se está expoñendo.
- Unha vez que se rematou, pedir entre todos que busquen situacións cotiás nas que cada un destes valores poderían poñerse en práctica no centro. Seleccionar aquelas que se vexan máis factibles, e que na clase comprométanse cada semana cun dos valores que se expoñen, buscando así que se vaian poñendo en práctica.